

DÍA DA MULLER

Cada día sinto máis a necesidade de refuxiarme en min mesma, de adicarme unicamente a escribir, de afastarme o máis posíbel de sectores militantes dunha literatura identitaria que encontra nas palabras unha sutil maneira de subsistir.

Non negarei a súa lexitimidade: escribir carece de regras, é unha elección estritamente persoal. Mais confeso que sinto un arrepío estraño a este xeito de proceder porque corre o perigo de ser atrapada nas redes clientelares do poder.

Esta clase de literatura limitada a un tempo e a un lugar, vai dirixida a un público previsíbel que xa sabe o que vai encontrar, o cal non é malo en si mesmo. A literatura non se rexe por conceptos morais, pero non estaría de máis que fose capaz de levar os lectores e as lectoras máis alá de atavismos e prexuizos que ensombrecen o entendemento.

A bandeira da literatura, como a do feminismo, é unha bandeira universal que hai que defender xornada a xornada, estas onde estas e en todo momento.